

Bo día.

Mañá martes publicarase no DOG a Orde de traslado no mar de determinadas especies na Comunidade Autónoma de Galicia, que regulará a actividade coñecida popularmente como “aviveiramento”. A Orde contempla esta actividade para a nécora, camarón, centola, boi, lumbrigante, lagosta, santiaguiño e anguía.

Con esta Orde preténdese darlle seguridade xurídica aos pescadores que a realizan a través dun documento oficial para amparar esta actividade. Coa súa entrada en vigor deixarán de ser válidas as declaracións de recollida que se estaban emitindo para documentar esta actividade.

En síntese os criterios establecidos son:

1. O documento será emitido no momento de realizar a actividade polo armador/patrón da embarcación, **exclusivamente mediante a aplicación MOV TIC**.
2. Os lugares de fondeo deberán estar identificados de forma que sexan perfectamente visibles o nome, o folio e a matrícula da embarcación que realiza o traslado. No documento quedarán recollidas as coordenadas do lugar onde se realice.
3. A emisión do documento ten dúas fases: iniciase coa propia creación do documento cando se realiza o depósito das capturas e finalízase có rexistro cando se extraen para levalas á lonxa.
4. Entre unha e outra fase non poden pasar máis de **sete días**.
5. Poderánse expedir un **máximo de cinco documentos cada sete días**.
6. A emisión do documento na aplicación móbil dalle automaticamente validez. Non é necesaria a súa impresión.

INFORMACIÓN SOBRE MOV TIC

Na actualidade mediante a aplicación MOV TIC os armadores poden expedir:

- Documento de alternancia de artes
- Documento de transporte
- Documento de envío ao punto de control (para percebeiros de determinadas confrarías)
- Declaración de pesca-turismo (para os barcos autorizados a realizar esta actividade)
- Documento traslado (aviveiramento ou fondeo)

A aplicación MOV TIC pódese descargar desde os seguintes enlaces:

- Desde un dispositivo Android: [Play Store](#).
- Desde un dispositivo iOS: [App Store](#).

O sistema de rexistro de credencias é Chave365: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>